



Rosalía de Castro, 2  
15200 NOIA (A Coruña)

Tel. 981 842 100  
Fax 981 821 741

**ACTA DA OFERTA ECONÓMICA PRESENTADA POLOS LICITADORES PARTICIPANTES NO PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN URGENTE, CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN O FACTOR PREZO, CONVOCADO POLO CONCELLO DE NOIA PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE EXECUCIÓN DA OBRA "CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL".**

Na Secretaría Xeral do Concello de Noia, sendo as dez horas do día vinte e seis de setembro de dous mil once, constitúese a Mesa de Contratación, integrada polo Alcalde, don Rafael García Guerrero, como Presidente, dona Raquel Bahillo Varela, Secretaria da Corporación, dona María López Docampo, Interventora da Corporación, don José Ventura Fernández Sarasquete, arquitecto técnico redactor do proxecto, como vogais, e como secretaria dona Alba Vázquez de la Serna, co fin de proceder á valoración da documentación achegada pola empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS JOSE ANTONIO SLU, tralo requerimento efectúado para que no prazo de cinco días xustificara a oferta económica presentada, segundo o disposto no apartado 15.3.1, en relación ó disposto no artigo 136 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, ó presumir a Mesa de Contratación que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de incurrir en baixa desproporcionada ou anormal, segundo acordo adoptado pola Mesa en sesión de data vinte e seis de agosto de dous mil once.

Toma a palabra o Sr. Fernández Sarasquete dando conta ós asistentes das conclusións do seu informe que se transcribe a continuación:

<<O Prego tipo de cláusulas administrativas establece como criterios para apreciar ou non o carácter desproporcionado da oferta como:

- a. Xustificación dos precios ofertados. A empresa presenta orzamentos das partidas de aglomerados asfálticos e césped artificial que reportan unha baixa de 12.900 €. Xustifica importantes baixas en movemento de terras en base a utilización de maquinaria propia da empresa.
- b. Volumen da obra contratada. Xustifica una importante número de obra contratadas en relación aos medios materiais e personais que dispón.
- c. Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada. A empresa xustifica unha redución importante dos gastos xerais da empresa ao ser absorbidos por outra empresa dedicada a arrendamento de maquinas excavadoras para grande obras civiles coa que comparten estes gastos.

Xustifica a redución do beneficio da empresa en base a necesidade de mantemento dos postos de traballo nunha situación de grave crise económica.

Pola outra banda o diferencial polo que a empresa entra en baixa temeraria é de 234,22 € sobre a cantidade de referencia que en relación ao importe tipo resunta un porcentaxe insignificante.

Conclusión.

Vista xustificación da empresa da baixa ofertada conforme o Prego tipo de aplicación e que o diferencial sobre a cantidade de referencia e moi pequena o que suscribe entende que debe aceptarse a oferta presentada.>>

Segundo o indicado, a Mesa de Contratación considera suficientemente xustificada a oferta económica, quedando de manifesto que non incurrir en baixa anormal ou desproporcionada, ós efectos de garantir o cumprimento da proposición económica proposta, de resultar ser a empresa finalmente adxudicatária .

Á vista do exposto a Mesa de Contratación, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

**Primeiro.-** Ratificar a resolución número 2161/2011 na que se clasificaba por orde decrecente as proposicións económicas presentadas por cada un dos licitadores admitidos:

EMPRESAS ADMITIDAS	PROPOSICIÓN ECONÓMICA (IVE INCLUIDO)
CONSTRUCCIONES Y OBRAS JOSE ANTONIO SLU.	260.763,09 €
JARDINERÍA ARCE SL.	262.576,36 €
OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL.	270.420,00 €
CALFENSA MEDIOAMBIENTE.	272.785,24 €
INDEPO.	277.082,57 €
ALVAC	283.200,00 €
EULEN SA.	289.130,53 €
PROYECTA ACTIVIDADES PROFESIONALES DE LA CONSTRUCCIÓN SL	294.622,54 €
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS SL	306.269,35 €
AGRA CASTRO SL	312.000,00 €
CONSLAR INGENIERIA Y CONSTRUCCION.	331.271,64 €

**Segundo.-** Requerir a CONSTRUCCIONES Y OBRAS JOSE ANTONIO SLU que presente no prazo de cinco días contados desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, a documentación xustificativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispoñer efectivamente dos medios que se compromete a dedicar ou adscribir á execución do contrato, de acordo co artigo 53.2 da Lei de contratos do sector público, e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

E sendo as dez horas e trinta minutos, do día antes mencionado, dáse por rematado o acto, asinando os que interveñen, do que, como secretaria dou fe.

Presidente. Asdo. Rafael Garcia Guerrero.	Vogal. Asdo. Raquel Bahillo Varela	Vogal. Asdo. María López Docampo.
Vogal. Asdo. José Ventura Fernández Sarasquete	Secretaria. Asdo. Alba Vázquez de la Serna	